


CENTRO DE OPERACIÓN DE CIBERSEGURIDADE PARA ENTIDADES LOCAIS

A finais do ano 2024, o ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática e o Ministerio para a Transformación Dixital e da Función Pública asinaron un acordo para reforzar a Ciberseguridade no Marco da Transformación Dixital e Modernización das Entidades Locais do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – Next Generation EU por un importe de 70 millóns de euros, materializado no despregue pola Secretaría Xeral de Administración Dixital (SGAD) dun Centro de Operacións de CiberSeguridade (COCS) para entidades locais cunha poboación inferior aos 50.000 habitantes. O obxectivo é reforzar e complementar os instrumentos e ferramentas de ciberseguridade da citadas entidades locais de menos de 50.000 habitantes e mellorar o nivel de madurez de ciberseguridade dos Concellos.



A Deputación de Lugo adheriuse ao Centro de Operacións de CiberSeguridade para Entidades Locais (COCS-EELL) en febreiro de 2025, sinalando a ciberseguridade como unha das súas prioridades, tendo en conta o papel de relevancia que está acadando na actualidade e que acadará no futuro próximo, nun escenario onde as relacións da administración cos cidadáns se realizan, cada vez máis, a través de vías telemáticas, sendo imprescindible xerar confianza con contornas e sistemas seguros e fiables.

A adhesión ao COCS-EELL representa unha declaración de intencións da Deputación para posicionar á provincia de Lugo á vangarda da ciberseguridade, coordinando e capilarizando as actuacións e cometidos do centro aos concellos da provincia e aos seus cidadáns, formando conciencia e axudando a dar pasos a todos os axentes da provincia na protección e securización dos seus activos dixitais.

CENTRO DE OPERACIÓN DE CIBERSEGURIDADE PARA ENTIDADES LOCAIS

TORRES DE SERVICIOS

Cada torre de servicios axuda ao cumprimento de diferentes controis e medidas do Esquema Nacional de Seguridade

PREVENCIÓN

Obxectivo: coñecer o estado de seguridade dos Concellos a través de distintos servizos para ter unha visión dos problemas existentes e anticiparse a posibles incidentes

PROTECCIÓN

Obxectivo: crear unha primeira liña de defensa que axude a protexer os activos dos Concellos ante diferentes ataques

DETECCIÓN

Obxectivo: poñer todos os medios posibles para detectar de forma temprana calquer incidente de seguridade que poida ocorrer nos Concellos

RESPOSTA

Obxectivo: responder de xeito eficiente e eficaz a calquer incidente ou crise que poida ter un Concello

ASESORÍA

Obxectivo: prestar apoio e soporte en todos os asuntos relacionados coa ciberseguridade nos Concellos

XESTIÓN

Obxectivo: ofrecer os medios oportunos especializados para realizar unha correcta xestión da seguridade dos Concellos

CENTRO DE OPERACIONES DE CIBERSEGURIDADE PARA ENTIDADES LOCAIS

TORRES DE SERVICIOS

PREVENCIÓN

1. Análise de vulnerabilidades automatizado
2. Probas de seguridade
3. Análise de seguridade de código
4. Vixilancia dixital
5. Capacitación e concienciación en seguridade
6. Apoio na remediación de vulnerabilidades

PROTECCIÓN

1. Servizos de seguridade perimetral
2. Servizos de navegación limpa
3. Servizos de correo limpo
4. Servizos de acceso remoto seguro

DETECCIÓN

1. Provisión dun sistema EDR
2. Monitorización de eventos de seguridade
3. Detección de incidencias de seguridade
4. Procura proactiva de ameazas

CENTRO DE OPERACIÓN DE CIBERSEGURIDADE PARA ENTIDADES LOCAIS

TORRES DE SERVICIOS

RESPOSTA

1. Análise e resposta a incidentes de seguridade
2. Soporte á xestión de crises
3. Análise forense
4. Vixilancia dixital
5. Laboratorio de análise de malware

ASESORÍA

1. Asesoramento en ciberseguridade
2. Asesoramento legal

XESTIÓN

1. Apoio á difusión
2. Información de estado de seguridade
3. Coordinación técnica
COCS-Deputación de Lugo

CENTRO DE OPERACIÓN DE CIBERSEGURIDADE PARA ENTIDADES LOCAIS

ADHESIÓN

- Asinar compromiso e acordo de adhesión
- Facilitar datos de contacto do interlocutor do Concello coa Deputación
- Seleccionar os servizos a solicitar por parte do Concello

IMPORTANTE

- Este acordo non comporta obrigas económicas para os concellos
- Toda solución implantada conta con 5 anos de soporte e mantemento de fabricante
- Dúbdas e consultas: 982260110 ou ciberseguridade@deputacionlugo.org